

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONS CULTURAI, DEPORTIVAS, VECIÑAIS E EDUCATIVAS E PARA ACTIVIDADES DE REINSERCIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE ROIS PARA O ANO 2022

Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a asociacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, veciñais, educativas e con fins de reinserción social, de conformidade e en desenvolvemento da Ordenanza reguladora de subvencións a asociacións, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e publicada no BOP de data 6 de outubro de 2004.

As actividades obxecto de subvención deberán ser aquelas que suplan ou complementen as competencias do Concello ou contribúan o fomento dos intereses dos veciños.

Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios de ditas subvencións as Asociacións que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar ao corrente das súas obrigas contributivas co Concello de Rois e ter xustificado debidamente o gasto das subvencións concedidas por este Concello en anos anteriores.
- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, de conformidade co disposto no artigo 8 da Ordenanza reguladora de subvencións aprobada polo Concello.
- Non concorrer en ningunha circunstancia das sinaladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvenciones -LXS-.

Solicitude

As solicitudes deberán formalizarse debidamente cumprimentadas, mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Rois, conforme o modelo que se inclúe no anexo I destas bases, podendo presentarse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello, ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-.

Prazo de presentación de solicitudes e xustificacións e subsanación

1.- O prazo de presentación de solicitudes e documentación da Base quinta será de 15 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación das presentes Bases no BOP.

2.- Se a documentación aportada pola Asociación non reúne tódolos requisitos, requirirase ao interesado para que no prazo de 3 días presente os documentos ou complete a documentación. De non facelo así, perderá o dereito a percibir a subvención.

3.- O Concello de Rois, en todo momento, poderá requirir a presentación de outros documentos que garanten o cumprimento dos requisitos presentados nestas bases.

4.- A falta de presentación desta documentación no prazo anteriormente sinalado así como o incumprimento na realización de actividades ou finalidades, implicará a perda da subvención.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinaranse unha vez consideradas as actividades e investimentos que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

- o Que as actividades estean dirixidas á poboación do Concello de Rois, e non só aos asociados, ata 2 puntos
- o Interese sociocultural da actividade, ata 2 puntos
- o Continuidade e estabilidade da actividade, ata 2 puntos
- o Adecuación do Orzamento presentado ao custo real da actividade, ata 1 punto
- o Maior número de socios, ata 2 puntos
- o Maior cantidade de poboación destinataria da actividade a subvencionar, ata 2 puntos
- o A participación de persoas con minusvalía, ata 1 punto.
- o Adecuación das actividades que se van a realizar ao interese local, ata 4 puntos
- o Beneficios para o medio ambiente, ata 2 puntos
- o Potenciamento do idioma e da cultura galega, ata 2 puntos
- o Colaboración nas actividades organizadas polo Concello, ata 3 puntos
- o Colaboración en actividades parroquiais e/ou veciñais, ata 2 puntos

Resolución

A documentación presentada estudarase e valorarase en base as solicitudes presentadas ante a Comisión avaliadora, ditándose a correspondente Resolución.

A resolución da convocatoria ditarase por Alcaldía no caso de que subvención non exceda de 3.005,06 €, da Xunta de Goberno Local se excede de 3.005,06 € e é inferior a 12.000,00 € ou do Pleno no caso de subvencións cun importe superior a 12.000,00 €.

A notificación da Resolución axustarase ás disposicións contidas no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-.

Nota: Todos os anexos estarán a disposición nas oficinas municipais